



Retallos de mundo: o Museo Británico: luces e sombras

06 de febreiro 2022 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-o-museo-britanico-luces-e-sombras_332427_102/3232139.html

O **British Museum** da cidade de Londres é o museo que máis veces teño visitado porque me fascina perderme polas súas salas entre unhas coleccións sempre se me antollaron infinitas.

O enorme edificio neoclásico de Robert Smirke no que se encontra, con entrada principal en Great Russell Street, no corazón do barrio de Bloomsbury, foi inaugurado no ano 1852, logo de derrubar a súa primeira sede, a Montagu House, unha mansión que se alzaba no mesmo lugar.

O museo naceu no ano 1753 para acoller a colección doada ao goberno británico polo médico, científico e naturalista irlandés Sir Hans Sloane, que entre pinturas, esculturas, restos arqueolóxicos, fósiles e outros obxectos, constaba nada máis e nada menos que de setenta e unha mil pezas.

Mais os fondos da institución non deixaron de medrar como froito da espoliación levada a cabo por todos os confíns do Imperio Británico, que posuía terras nos cinco continentes, e as coleccións foron aumentando de tamaño de tal xeito cos obxectos traídos dende as colonias que no ano 1887 se tomou a decisión de trasladar todas as pezas relacionadas coa natureza nos seus diversos aspectos ao actual *Museo de Historia Natural* de South Kensington, ao mesmo tempo que os contidos da biblioteca se trasladarían no ano 1973 á *British Library* de Euston Road. Só ficou no edificio de Great Russell Street a imponente sala de lectura na que levaron a cabo os seus estudos persoeiros como **Gandhi, Marx, Oscar Wilde, Kipling ou H. G. Wells**, que se pode admirar a día de hoxe en medio do fermoso adro de teito de cristal deseñado por Norman Foster con motivo do cambio de milenio.

Dunha colección tan inmensa que consta de arredor de oito millóns de pezas, moitas delas gardadas nos almacéns por falla de espazo para a súa exhibición, vou facer unha listaxe mínima dalgunhas que me resultan especialmente atractivas.

Como amante das linguas comezarei, como non, coa **pedra Rosetta**, verdadeira alfaia da historia da tradución que se converteu en peza crave para a interpretación dos xeroglíficos grazas aos estudos de Jean-François Champollion. Trátase unha peza de granito negro coa inscrición dun decreto do rei Tolomeo V escrita de tres xeitos distintos: xeroglífico, demótico e grego uncial. Foi descuberta no delta do Nilo polos tropas de Napoleón e roubada en Francia polo exército inglés no ano 1801.

A miña peza favorita do museo é a **táboa de Gilgamesh**, un fragmento de táboa de arxila procedente da cidade de Nínive, no actual Iraq, escrita en dúas columnas de caracteres cuneiformes que narra a visión babilónica do diluvio universal extraída da *Epopea de Gilgamesh*, a peza literaria máis antiga da que se ten noticia.

O encargado de descifrar esta xoia da literatura foi o asirioloxista británico George Smith, que, no momento de concluír os seus estudos en novembro de 1872, e para abraio dos seus colegas, saíu tan emocionado do cuarto onde pasara horas e máis horas de absoluta concentración ao longo dunha boa morea de anos, que comezou a correr polo museo adiante mentres ía quitando a roupa até ficar completamente espido.

As salas exipcias, que son un dos lugares onde a miña imaxinación ten máis posibilidades de botar a voar, ten outro dos obxectos da miña preferencia, a chamada **momia de Cleopatra**, envolta en varias capas de tecido e cuberta cunha mortalla na que aparece pintada a figura da falecida, que non é a famosa raíña, senón, segundo di o xeroglífico que aparece no cadaleito, unha rapaza de 17 anos aviada cunha peita e un collar de perlas. Traída ao museo dende Exipto en 1823 e datada no século II d.C. ten, segundo se comprobou en varias radiografías, o esqueleto en perfecto estado, o cranio inclinado cara a un lado e a boca aberta. Nunca canso de pensar en quen era realmente esa rapaza que chegou aos nosos días e teño dedicado unha boa cantidade de tempo a imaxinar como podía ser cando estaba viva.

Outra peza que se encontra entre as miñas favoritas é o **xadrez de Lewis**, que se supón de orixes escandinavas malia que foi descuberto na illa de Lewis, no arquipélago escocés das Hébridas. Datado na primeira metade do século XII, as súas figuras, talladas en dente de morsa, teñen unha expresividade nas facianas e unhas actitudes nos corpos que parecen mesmo estar a pensar. Valla como exemplo do que digo a figura da raíña branca, a miña preferida, que semella estar moi aburrida mentres agarda que o xogo remate. Unha verdadeira xoia.

Igual que este xadrez podería mencionar tamén entre as miñas pezas favoritas o baixorrelevo de alabastro da **leoa ferida**, que no século VII a.C. formaba parte do palacio de Assurbanipal, ou a escultura que ten o difícil nome de **Moai Hoa Hakananai'a**, traído do centro cerimonial de Orongo en Rapa Nui, a Illa de Pascua, e reclamado polos seus habitantes, ou a colección de porcelana chinesa de Sir Percival David, a máis importante do mundo, que contén dous impresionantes floreiros da dinastía Yuan coñecidos como **floreiros David**, con asas de cabeza de elefante, decoración con dragóns de grandes gadoupas e unha ave fénix a voar entre nubes, ou o **estandarte de Ur**, unha fermosísima caixa de madeira con incrustacións de cunchas e lapislázuli da que se descoñece a utilidade e ten unha cara da guerra con soldados, carros de cabalos e prisioneiros a desfilar perante un rei vitorioso e unha cara da paz con animais rituais a portar viandas e tributos para un banquete no que o mesmo rei da outra face bebe feliz mentres conversa con outros comensais en presenza dun músico que toca para os entreter.

Pero non quero rematar este mínimo percorrido polo Museo Británico sen mencionar un dos preitos máis grandes da institución polo asunto dos espolios. Refírome á reclamación de devolución por parte do Goberno de Grecia dos coñecidos polos ingleses como **Mármores de Elgin**, que non son outra cousa que unha extensa colección de pezas procedentes da Acrópole de Atenas, entre elas o friso case completo do Partenón, que están expostas no museo dende que o diplomático Lord Thomas Bruce, conde de Elgin, falsificara a comezos do século XIX un permiso do Imperio Otomán para conseguilas.

Malia ser, por milleiros de motivos, un dos lugares máis visitados do mundo, o Museo Británico debería resolver todos os conflitos abertos con países como México, Chile, China, India ou Exipto,

ademais de Grecia, entre outros, para se desfacer dun pasado colonial que non fai máis que encher de sombras unha institución que debería brillar con luz propia.